


Este é un tipo de páxina que pode conter unha serie de páxinas con contidos distintos no seu interior. Este conxunto de páxinas que podemos incrustar na páxina principal podemos presentalas como pestanas:



...ou en forma de acordeón:




Na ventá principal temos:



ZONA 1








Faremos dobre clic na primeira fila da táboa para introducir o contido da primeira das páxinas:



No campo (1) escribiremos o texto que queiramos que apareza como título da pestana. Cos botóns (2) eliximos o tipo de contido que queremos incluír na nosa páxina: enlace a unha dirección de internet, unha pista de audio, incrustar código dun sitio web, un arquivo (pdf, html txt...) unha imaxe en formato jpeg, un vídeo en formato mp4 ou ogv ou, finalmente, o contido dunha carpeta que pode conter unha actividade ou paquete Ardora, outra páxina multimedia, un programa, etc.

Dependendo o tipo de contido que escollamos, o campo (3) cambiará para facilitar a introdución do contido:

URL	<div style="border: 1px solid gray; padding: 5px;"> <p>URL</p> <input style="width: 90%; height: 20px;" type="text"/> </div>
-----	--

Son	<div data-bbox="435 233 1338 428"> <p>Archivo sonido</p> <p> mp3 <input type="text"/></p> <p> ogg <input type="text"/></p> </div>
Embed	<div data-bbox="435 478 1338 680"> <p><Embed></p> <p><input type="text"/></p> </div>
Arquivo	<div data-bbox="435 737 1338 835"> <p>Archivo</p> <p> <input type="text"/></p> </div>
Imaxe	<div data-bbox="435 890 1338 1171"> <p>Tamaño</p> <p>800 x 600</p> <p>Archivo imagen</p> <p> <input type="text"/></p> </div>
Vídeo	<div data-bbox="435 1220 1338 1507"> <p>Tamaño</p> <p>800 x 600</p> <p>Archivo de video</p> <p> mp4 <input type="text"/></p> <p> ogv <input type="text"/></p> </div>
Carpeta	<div data-bbox="435 1570 1338 1675"> <p>Carpeta</p> <p> <input type="text"/></p> </div>

Unha vez inserido o contido no campo correspondente, usaremos o botón de aceptar (4) e o texto da etiqueta aparecerá inserido na fila da táboa. Faremos dobre clic na seguinte fila para inserir

unha nova pestana e así sucesivamente.



NOTA: Teña en conta que se elixe a posibilidade de "Arquivo" debe de elixir un tipo de arquivo que poida ser "visionado" nun navegador web, por exemplo un pdf, nestes casos, cando execute a vista previa, ao abrir aparecerá unha mensaxe preguntándoo se quere gardar o arquivo, isto non acontece cando a páxina multimedia é subida a un servidor web.

Recorde tamén que, no caso de "embeber" un video de Youtube, engadir "http: ao código de forma que quede do seguinte xeito:

... **src="http://www.youtube.com/embed/...**

Así o video seleccionado poderá ser visto tambien na vista previa.


Cando rematemos sempre poderemos cambiar a orde de presentación das páxinas seleccionando unha delas e movéndoa á posición desexada coas frechas verdes (1) da esquerda da táboa, ou mesmo a eliminar co botón vermello (2):




ZONA 2

Coa lista despregable (1) elixiremos un "skin", "pel" ou "tema" para o deseño das pestanas e colector das páxinas (cor, formas,...). Co botón "jQuery ui" poderemos importar outros temas compatibles dende Internet.

No recadro "Tipo" (3) optaremos polo tipo de presentación. Elixindo a opción "Pestanas horizontais" ou "Pestanas verticais" aparecerán na parte dereita estas dúas opcións a maiores:




"*Pestanas horizontais*" > Poderán situarse na parte superior ou inferior da páxina marcando a casa correspondente no recadro "*Posición*" (1):



"*Pestanas verticais*" situarán sempre na parte esquerda da páxina, pero poderemos indicar o seu ancho no campo "*Ancho*" (2):



"*Acordeón*" (situarase sempre na parte inferior da páxina):



ZONA 3

Aquí poderemos elixir o tipo (1) e o tamaño (2) de fonte dos textos das pestanas e acordeóns; escoller unha cor de fondo para a páxina principal (3) facer compatible a páxina con dispositivos de pantalla táctil (4); facer que os elementos teñan ou non os bordos redondeados (5).



Marcando a casa (6) habilitaremos o usuario para que poida cambiar de orde as pestanas pulsando e arrastrando á posición desexada. Marcando a casa (7), o usuario poderá ocultar ou mostrar o contido da pestana facendo clic sucesivamente sobre a pestana aberta. E finalmente, se marcamos a casa de verificación ao lado do punteiro (8), o usuario non terá que facer clic nas pestanas para cambiar de páxina, senón que lle abondará con colocar o punteiro do rato enriba da correspondente pestana para mostrar o seu contido na zona central.